

# VII MILLA NOCTURNA CONCELLO DE MUGARDOS

## REGULAMENTO E INFORMACIÓN

### Artigo 1. DENOMINACIÓN.

O Concello de Mugardos a través da Concellaría de Deportes organiza a VII Milla nocturna Concello de Mugardos o sábado, 26 de outubro de 2024.

### Artigo 2. PARTICIPACIÓN.

A **VII Milla nocturna Concello de Mugardos** terá saída e meta na Avenida do Seixo, presentará un circuito urbano aglomerado, pensado para todas as idades, que abranguerá desde os 150 a los 1.609 metros.

Poderán tomar parte nesta proba todas aquelas persoas que o desexen, sempre que estean correctamente inscritas.

### Artigo 3. DISTANCIAS, PERCORRIDO E CATEGORÍAS.

A primeira saída establécese ás 19:30 para a proba de pre-benxamíns, á que se lle sumaran o resto de categorías segundo o seguinte cadro.

SAÍDA	CATEGORÍA		HORA	DISTANCIA
1	PRE-BENXAMÍN MASC. E FEM.	2017 , 2018 e 2019	19:30	150 M.
2	SUB10 MASCULINO E FEMENINO	2.016 – 2.015	19:40	800 M.
3	SUB 12 MASCULINO E FEMININO	2.014 – 2.013	19:50	800 M.
4	SUB 14 MASCULINO E FEMININO	2.012 – 2.011	20:00	1.609 M.
5	SUB 16 MASC E FEM	2.009 – 2.010	20:10	
	SU18 - 20 MASC E FEM	2008 – 2005		
6	SUB 23 FEMININA	2.004-2003 -2.002	20:20	
	SENIOR FEMININA	2.001 a 34 anos		
	MÁSTER A FEMININA	35 a 44 anos		
	MÁSTER B FEMININA	45 a 54 anos		
	MÁSTER C FEMININA	55 en diante		
7	SUB 23 MASCULINO	2.004-2003 -2.002	20:40	
	SENIOR MASCULINO	2.000 a 34 anos		
	MÁSTER A MASCULINO	35 a 44 anos		
	MÁSTER B MASCULINO	45 a 54 anos		
	MÁSTER C MASCULINO	55 en diante		
ENTREGA DE PREMIOS				21:00

### Artigo 4. INSCRICIÓNS.

As inscricións poderán formalizarse até o mércores 22 de outubro de 2024 ás 00:00h a través da web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) da FGA.

Os prezos de inscrición será de:

Gratuíta para categorías menores ate a Xuvenil-Junior (Sub18-20)

6€ para todos as categorías Promesa (Sub 23) e superiores.

### Artigo 5. RETIRADA DE DORSAIS.

O día da proba na Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega (SAPG) dende as 18:30 até media hora antes de cada saída.

A organización poderá pedir un documento de identidade ou a copia da inscrición. No caso, de querer recoller o dorsal de outra persoa ten que levar unha autorización por escrito e fotocopia del DNI da persoa á que se lle quere recoller el dorsal. No caso de clubs, un representante acreditado poderá retirar todos os dorsais do mesmo.

#### **Artigo 6. CRONOMETRAXE.**

**A cronometraxe da proba realizarase mediante Chip agás na categoría prebenxamin.** Haberá control en saída e meta, debendo pasar todos os corredores obrigatoriamente polas alfombras de control.

#### **Artigo 7. DESENVOLVEMENTO DA PROBA**

A organización fará 7 saídas, podendo dividir categorías para favorecer o bo desenvolvemento das diferentes carreiras.

#### **Artigo 8. PREMIOS.**

A organización entregará premios aos **3 primeiros clasificados de cada categoría** agás na saída 1 categoría pre-benxamíns. A categoría Sub 10 a organización terá un detalle con toda a participación ademais dos 3 primeiros nenos e nenas.

**\*\* Os premios que se obteñan en diferentes categorías e clasificacións non serán acumulables agás os 3 primeiros postos absolutos masculinos e femininos que serán os tres mellores tempos da milla masculina e feminina con independencia da saída.**

**\*\*\* Todas as medallas que non se recollan o día da proba quedarán a disposición da Organización, ao entender esta que renuncian a elas.**

#### **Artigo 9. AVITUALLAMENTO.**

Instalarase posto de avituallamento líquido na zona de meta e ao remate todas as persoas participantes.

#### **Artigo 10. CIRCUITO.**

O circuito estará pechado ao tráfico rodado dende o cruce da Av. Do Seixo coa Avd. Bello Piñeiro no Seixo dirección ao peirao do Seixo. Neste tramo restrinxirase o aparcamento e o acceso rodado. O circuito contará con 800 m. Proba oficial da FGA con distancia non homologada

## Plano da proba



### Artigo 11.

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

### Artigo 12.

Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar o circuío da carreira, non levar dorsal, ou manipular os datos persoais.

Todo o non disposto no presente regulamento rexeráse polas normas de competición da FGA, RFEA e a IAAF.

## **Comité Organizador**

Presidente :Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde do Concello de Mugardos.

Vicepresidente: Begoña María Gómez Díaz, Presidenta da Comisión de Deportes.

Secretaria: María del Mar Nóvoa Conde, Presidente da Comisión de Deportes.

Vogais: Manuel Polo Técnico de deportes do Concello de Mugardos e un representante da FGA.

## **Comité executivo**

Presidente: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde do Concello de Mugardos.

Vicepresidente: Begoña María Gómez Díaz, Concelleira delegada de Deportes..

Secretaria: María del Mar Nóvoa Conde Administrativa da Comisión de Deportes.

Vogais: Manuel Polo Técnico de deportes do Concello de Mugardos, Responsable de policía e protección civil do Concello de Mugardos e un representante da FGA.

**OUTRAS DISPOSICIÓN** Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

**ASISTENCIA MÉDICA:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.